Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

Datos del Expediente:

Nº Expediente:	2026/E005/000020
Fecha expediente:	06/10/2026
Objeto:	Plan de ordenación de recursos humanos do Concello de Coirós para o período 2027-2029

Conforme ao disposto no artigo 20.Un.1 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 -LOXE/2023-, a incorporación de persoal de novo ingreso cunha relación indefinida no sector público, fóra dos órganos contemplados no apartado Un.e) do artigo 19, levarase a cabo a través da Oferta de Emprego Público -OEP-, como plasmación do exercicio da planificación nun marco plurianual.

Considerando tamén o artigo 20.Dous.4 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 -LOXE/2023-, permite a cada Administración autorizar, con carácter extraordinario, a taxa específica que sexa necesaria para dar cumprimento ao obxectivo previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, de que a temporalidade no emprego público, non supere o 8 por cento das prazas de natureza estrutural en cada un dos seus ámbitos, sempre que vinga xustificado de acordo co instrumento de planificación plurianual con que deberá contar.

Na Mesa Xeral de Negociación celebrada o pasado 09/10/2026 con motivo da proposta de Relación de Postos de Traballo deste concello, anunciouse a elaboración dun Plan de ordenación de persoal a fin de poder incorporar persoal de novo ingreso nas prazas de natureza estrutural contempladas na Relación de Postos de Traballo, pero tamén para incorporar outras medidas previstas no artigo 69.2 do TRLEBEP.

Á vista do exposto e de conformidade coas atribucións que confíreme a lexislación vixente, **DISPOÑO:**

Primeiro.- Incoar o oportuno expediente para aprobar o correspondente instrumento de planificación plurianual.

Segundo.- Que pola Secretaría-Intervención se formule unha proposta de plan de ordenación de persoal, a fin de incluílo na orde do día da Mesa de Negociación que terá lugar o vindeiro 16/10/2026.

Coirós, a mércores 14 de outubro de 2026.

O alcalde

Asinado: Francisco Quintela Requeijo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: MDTNidRErZ3MUgfMcMlZ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/